



## **CIRCULAR 35 – 2021.** **NORMATIVA E IMPRESOS DE SOLICITUDE PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS DE GALICIA XUNTA DE GALICIA DA TEMPADA 2021**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

### **INTRODUCCIÓN**

A asignación das sedes dos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia das diferentes modalidades, correspondentes á tempada 2021 realizarase por parte da Federación Galega de Atletismo, no sucesivo FGA, a través dun proceso de licitación establecido. Será finalmente a Xunta Directiva da FGA a que tome a decisión de asignar as sedes. Preténdese dar posibilidade a aquelas entidades interesadas, concellos, clubs, agrupacións deportivas... etc, a que poidan presentar a súa solicitude e facer un reparto xeográfico que responda ao interese da promoción do atletismo galego en todas as provincias galegas.

A FGA defende a misión de propiciar a mellor excelencia organizativa para favorecer o proceso competitivo dos atletas e clubs en cada un dos Campionatos de Galicia, facilitando a maior visibilidade posible do evento, dos atletas e clubs, acorde coa súa relevancia, e propiciando o maior impacto e retorno publicitario ao concello no que se desenvolva o campionato, ao organizador e patrocinadores.

A cada concello organizador ou entidade se lle concede o dereito de utilizar a Marca do Campionato de Galicia, co escudo correspondente da FGA, evitando así a necesidade de que un logotipo novo identifique ao evento.





## **BENEFICIOS DO ORGANIZADOR**

Cada campionato de Galicia ofrece a posibilidade, dependendo da súa relevancia, en relación ao número de participantes e público asistente, de proxectar a imaxe do organizador, concello ou comarca no que se desenvolva, difundindo a marca da cidade ou pobo respectivo.

### **Beneficios económicos**

- A exposición de marca concello a través da cobertura dos medios de comunicación: streaming, medios tradicionais, medios dixitais, webs ou redes sociais.
- Impacto dos ingresos directos na economía local derivados dos gastos de participantes, acompañantes ou visitantes (aloxamento, viaxe, comida, entretemento).
- Outros posibles ingresos comerciais a través do patrocinio local: ingresos pola venda de bebidas no estadio ou circuíto ou venda de merchandising
- Formación e experiencia organizativa en eventos deportivos de profesionais e voluntarios implicados na organización.
- Crear unha plataforma atractiva para atraer a curto medio prazo outros eventos deportivos
- Xerar oportunidades de traballo temporal, voluntariado e actividade económica a través do evento

### **Beneficios promocionais**

O concello anfitrión impulsará a súa imaxe de marca cidade a través de:

- A promoción do evento, que vincula a imaxe da cidade co deporte, a mocidade, a saúde e axuda a transmitir unha imaxe positiva e innovadora do concello
- A cobertura de streaming e a cobertura de noticias dixitais e impresas
- A creación de relacións e vínculos entre o deporte, a política e o mundo comercial.
- A utilización do deporte como escaparate para promocionar os lugares máis emblemáticos do concello.
- Fluxo de información que se xera nas redes sociais durante o evento para a difusión de resultados e experiencias.

### **Legado deportivo para o concello**

O concello anfitrión será capaz de mellorar e ampliar a participación no deporte tanto a nivel de élite como a nivel de base a través de:

- Promocionar as escolas e clubs locais de atletismo.
- Impulsar o legado para os clubs, atletas locais a través da adquisición de experiencia organizativa, a formación e mellora das infraestruturas e equipamento deportivo.
- Fomentar a organización doutros eventos culturais, deportivos ou de promoción ao redor do evento
- Maximizar as posibilidades que teñen os atletas locais de conseguir triunfos ante a súa afección.



- Aumentar o recoñecemento público dos mellores atletas locais en cada grupo de idade, potenciando a imaxe do deporte local.
- Fomentar do desenvolvemento dos adestradores e o seu repercusión na actividade deportiva local.

### **Impacto Social**

- Oportunidade para a participación activa da comunidade no campionato e eventos relacionados coa promoción do mesmo, á vez que poden gozar dunha experiencia deportiva única.
- O campionato é unha plataforma proactiva de saúde e integración social, que fomenta a participación no deporte e a actividade física.
- Inspirar a novos mozos do municipio a iniciarse na actividade deportiva, en referencia aos mellores atletas de cada categoría.
- Optimizar a infraestrutura deportiva existente: instalacións ou circuítos.

### **XESTIÓN E GOBERNANZA**

A FGA é a única competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para regulamentar, organizar, xestionar, e controlar as competicións oficiais de atletismo e ostenta en exclusividade todos os dereitos dos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia, incluídos os dereitos de propiedade, imaxe, audiovisuais e explotación comercial dos campionatos en calquera categoría ou modalidade.

A FGA xestiona a organización dos mesmos, por delegación desta competencia por parte da Xunta de Galicia, a través dunha estrutura organizativa baseada nun marco de acordos cos concellos galegos, deputacións provinciais, entidades atléticas e colaboradores privados.

Independentemente da concesión organizativa á entidade solicitante, a FGA ten a responsabilidade de dirixir, titorizar, supervisar e coordinar a competición, a posta en escena xeral, a promoción e a organización dos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia, asegurándose de que se tomen as decisións estratéxicas necesarias para celebrar os mesmos de forma axeitada.

Todos aqueles concellos, clubs ou entidades que desexen presentar a súa candidatura para asumir a organización de calquera dos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia da tempada 2021, deberán enviar correctamente cumprimentado o corresponde impreso: Pista Cuberta (Modelo I); Pista ao Aire Libre (Modelo II); Ruta (Modelo III); Montaña, Trail ou Campo a Través (Modelo IV), comprometéndose a cumprir co sinalado nesta circular.

### **PRAZOS**

Ata o día 7 de abril do 2021, antes das 20,00 horas.

Unha vez recibidas todas as solicitudes a Xunta Directiva da FGA analizará as mesmas e designará as sedes dos distintos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia, considerando os informes da Dirección Técnica, Delegación da FGA, Comité Galego de Xuíces e Comisión COVID FGA, así como a experiencia, capacidade organizativa e oferta

No suposto de que queden desertos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia despois do 7 de abril de 2021, serán concedidos por orde de chegada das solicitudes.



## CAMPIONATOS DE GALICIA A CELEBRAR

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campionato de Galicia Absoluto e Sub23 de Pista Cuberta</li> <li>• Campionato de Galicia Sub20 e Sub18 de Pista Cuberta</li> <li>• Campionato de Galicia Sub16 de Pista Cuberta</li> <li>• Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub14 de Pista Cuberta</li> <li>• Campionato de Galicia Máster de Pista Cuberta</li> <li>• Campionato de Galicia de P. Combinadas (Sub16 ata Absoluto) de Pista Cuberta</li> <li>• Copa de Clubs Absoluta de Pista Cuberta</li> <li>• Copa de Clubs Máster de Pista Cuberta</li> <li>• Campionato de Galicia de Clubs de P. Combinadas e Master individual de P. Combinadas Pista Cuberta</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campionato de Galicia Absoluto Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia Sub23 e Sub20 Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia Sub18 e Sub16 Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub14 Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia Máster Individual Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia de P. Comb. de Sub14 e superiores Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia de 10.000 metros Pista ao Aire Libre Memorial Alejandro Gómez</li> <li>• Campionato de Galicia de Marcha de Inverno de Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia de P. Combinadas Máster Pista ao Aire Libre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• C.G Lanzamentos Largos Inverno Absoluto e Sub20 Pista ao Aire Libre</li> <li>• C.G.Lanzamentos Largos Inverno Sub18 e Sub16 Pista ao Aire Libre</li> <li>• C.G. P. Combinadas de Clubs Sub14 e superiores Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia Absoluto de Clubs Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia de Clubs Sub20 y Sub16 Pista ao Aire Libre</li> <li>• C. Galicia de Clubs Sub10, Sub12 y Sub14 Pista ao Aire Libre</li> <li>• Campionato de Galicia de Clubs Máster Pista ao Aire Libre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campionato de Galicia Absoluto de Campo a Través</li> <li>• Campionato de Galicia Sub16 e Sub18 de Campo a Través e de Relevos Mixto. Memorial A.Lorenzo</li> <li>• Campionato de Galicia Máster de Campo a Través</li> <li>• Campionato de Galicia de Montaña</li> <li>• Campionato de Galicia de Trail</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campionato de Galicia Maratón</li> <li>• Campionato de Galicia Media Maratón</li> <li>• Campionato de Galicia de 10 Km</li> <li>• Campionato de Galicia de 5 Km</li> <li>• Campionato de Galicia da Milla e 1 Km Menores</li> <li>• Campionato de Galicia de Marcha en Ruta</li> </ul>


<b>CONCELLOS GALEGOS</b>	<b>PODERÁ ASPIRAR A ORGANIZAR</b>
Con pistas homologadas	Campionatos de Galicia pista, individual e clubs
Con circuítos homologados de ruta	Campionatos de Galicia de Ruta: marcha e carreira
Con circuítos de campo a través	Campionatos de Galicia de Campo a Través
Con superficies ata 2000 m. altitude	Campionatos de Galicia de Montaña e Trail-Running





## CIRCULAR

Complejo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Segundo a normativa establecida no Protocolo da Federación Galega de Atletismo para a práctica do Atletismo – Físicovid-DXT Galego

### DATAS

As datas de celebración dos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia están suxeitas ao calendario anual de competición aprobado pola Asemblea Xeral da FGA. Só en casos excepcionais, e por mutuo acordo entre as partes, previo acordo da Comisión Delegada, poderase modificar a data aprobada, a condición de que non xere un conflito con outros eventos xa programados.

### NORMAS XERAIS

**Art. 1.-** Para poder optar a organización dun Campionato de Galicia Xunta de Galicia a entidade elixida deberá dispor dos permisos necesarios para a utilización dos circuítos ou das instalacións e material adecuado de acordo ás esixencias da competición que solicite. Tamén deberá cursar as solicitudes a outros organismos se fose preciso (probos de ruta, circuítos urbán, etc.). Será sempre responsabilidade das delegacións da FGA supervisar o estado das instalacións e do seu material de competición co fin de que a competición poidase desenvolver con normalidade.

**Art. 2.-** Serán por conta do solicitante os gastos indicados nesta circular e ter a disposición todo o material necesario para poder celebrar con normalidade o campionato.



No caso de precisar algún material, deberá solicitálo directamente á FGA, a través da súa delegación, correndo cos gastos que ocasionen.

**Art.3.-** É competencia da FGA fixar e supervisar o protocolo da competición, aínda que o desenvolvemento do mesmo o efectúe o Comité Organizador do Campionato, no que deberá estar integrado o delegado da FGA que corresponda coa súa xurisdición xeográfica ou persoa que delegue.

**Art. 4.-** O nome e o escudo da FGA, o logotipo da Secretaría Xeral para o Deporte, por tratarse dun Campionato de Galicia Xunta de Galicia e, en consecuencia, dunha función pública delegada, e o logotipo dos patrocinadores e colaboradores oficiais da FGA deberán figurar con carácter destacado en tódolos carteis, programas, folletos, etc. que se confeccionen con motivo da competición. A FGA supervisará a confección dos mesmos, non podendo publicar nada sen a súa autorización.

**Art. 5.-** A FGA a través do seu Comité de Xuíces será o responsable da designación do Xurado que controlará a competición.

**Art. 6.-** Nos Campionatos de Galicia Xunta de Galicia de Ruta, Campo a Través, Montaña e Trail, Provinciais ou calquera Campionato celebrado na Comunidade Autónoma Galega, será obrigatorio o uso do sistema de cronometraxe de chips da FGA. Soamente en circunstancias especiais, tales como constatar unha inscrición mínima de atletas, a FGA poderá autorizar o non uso dos chips. Nos Campionatos de Galicia en Pista, será obrigatorio o uso do Photo Finish.

## **ADXUDICACIÓNS**

**Art. 7.-** A FGA elixirá, unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, que deberán enviarse correctamente cumprimentadas, á entidade organizativa mais idónea. No caso de que existise máis de unha solicitude para a organización dun campionato elixirase a aquela que presente un mellor informe técnico de desenvolvemento da competición e unha mellor oferta complementaria.

**Art. 8.-** Non se admitirá ningunha solicitude que non veña co visto bo da Delegación da FGA a quen lle corresponda o seu ámbito xeográfico.

## **PUBLICIDADE**

**Art. 9.-** A explotación dos dereitos publicitarios dos distintos Campionatos Galegos, tanto dentro da instalación como fóra pertencen á Federación Galega de Atletismo. O organizador poderá xestionar recursos públicos e privados, sempre que estes últimos non entren en colisión cos que conta na actualidade a FGA. Poderá publicitar estas colaboracións mediante:

- Carteis oficiais.
- Dípticos e trípticos.
- Dorsal de competición.
- Pancartas
- Cuñas publicitarias en radio ou prensa escrita.
- Comercialización de produtos e stands.
- Roldas de prensa.



**Art.10.-** En todos os Campionatos de Galicia colocaranse pancartas dos patrocinadores e colaboradores da FGA nos sitios sinalados pola mesma, especialmente detrás do podio e na recta de chegada.

**Art. 11.-** A confección dos dorsais será supervisada pola FGA e figurarán neles os logotipos oficiais.

**Art. 12.-** As pancartas dos patrocinadores oficiais da FGA serán proporcionadas ao organizador quen sen encargará de montalas e recollelas na instalación deportiva. A FGA autorizará ao organizador, sempre que non entre en colisión cos seus patrocinadores oficiais, para que poida montar as pancartas correspondentes aos patrocinadores locais.

**Art. 13.-** O cartel oficial do evento deberá seguir a seguinte liña de deseño: Nome do Campionato, lugar, data e hora de inicio da competición. Tamén se incluírán o logotipo da FGA, da Secretaría Xeral para o Deporte e do Deporte Galego, xunto cos logotipos dos patrocinadores e colaboradores, todos estes nun lugar que permita a máxima visibilidade. A maiores poderanse incluír logotipos de empresas colaboradoras locais, sempre nun tamaño menor do resto dos logotipos anteriormente citados e que non entren en colisión cos que conta a FGA na actualidade. O deseño deste cartel deberá presentarse á FGA antes da súa publicación polo menos con 15 días de antelación, para a súa aprobación definitiva.

**Art. 14.-** O organizador convocará unha roda de prensa convidando aos medios de comunicación locais e autonómicos. A data e lugar será previamente consensuada co Director de Comunicación da FGA. Serán susceptible de invitación as autoridades públicas e aquelas empresas que colaboren materialmente co mesmo. Esta roda de prensa farase a lo menos con 3 días de antelación ao comezo do evento e contará co cartel oficial do mesmo como fondo.

## **RECURSOS HUMANOS NECESARIOS**

**Art. 15.-** Son condicións imprescindibles para poder optar a unha organización dun Campionato Galego dispor de:

- **Colectivo de xuíces.** Este número será fixado polo Comité Galego de Xuíces.
- **Persoal de campo.** Asumirán tarefas de recollida de material, movemento de material con rapidez suficiente de acordo ao horario establecido, etc.
- **Persoal de secretaria e megafonía.** Sendo preciso dispor dun ordenador, fotocopiadora, boa megafonía, impresora, etc. A megafonía deberá ser feita en galego.
- **Voluntarios** para as tarefas de colocación de marcadores, cestas de roupa dos atletas, avituallamento, control de circuíto, etc.
- **Persoal COVID** para a realización de tarefas de control, desinfección, etc.
- **Persoal sanitario e servizo de ambulancia.** A organización deberá dispor obrigatoriamente da presenza dun médico colexiado e dunha ambulancia a lo menos media hora antes do inicio da competición ata finalizar a última proba. Tamén e recomendable por a disposición dos atletas un servizo de masaxe ou fisioterapia.
- Valorarase tamén que a organización concertase prezos especiais para a manutención e aloxamento, se é o caso, dos atletas dos clubs participantes



## **RECURSOS MATERIAIS E INFRAESTRUCTURAS NECESARIAS**

**Art. 16.-** Agás os Campionatos de Galicia de Ruta, Campo a Través, Montaña e Trail, o resto de campionatos (Pista Cuberta e Aire Libre) deberán contar cas seguintes infraestruturas:

- Pista de atletismo homologada con equipamento completo en perfecto estado de competición para desenvolver con normalidade o campionato (colchonetas, valos, obstáculos, saltómetros, fosos, xaula de lanzamentos...etc.)
- Iluminación eléctrica suficiente.
- Bancada
- Vestiarios de atletas e aseos para o público
- Servicio de megafonía.
- Sala de secretaría
- Cámara de chamadas
- Sala de homologación artefactos.
- Sala de masaxe, fisioterapia ou servicios médicos.
- Sala para xuíces.
- Zona de quecemento acotada.
- Podio
- Mástiles e bandeiras.
- Almacén para gardar o material
- Bancos, cadeiras e antucas para os atletas nas zonas de lanzamento e saltos.
- Carpas

**Art. 17.-** Asemade o organizador deberá prever o seguinte material para os xuíces e técnicos da competición co fin de poder levar a cabo a competición de forma óptima:

- Sinalización das principais salas e zonas da instalación.
- Antucas, cadeiras e mesas para os xuíces, así como paraugas no caso de choiva.
- Punto de corrente eléctrica.
- Augas.

## **GASTOS DO ORGANIZADOR**

**Art. 18.-** A entidade solicitante, unha vez que se lle adxudique a organización do evento que solicita, deberá asinar por escrito un contrato no cal se comprometa a asumir os gastos relativos ao canon e os gastos propios derivados da organización do campionato. No caso de renunciar a celebración da competición, unha vez outorgada, deberá aboar os gastos que se producisen ate a data.

**Art. 19.-** Os gastos pormenorizados se resumen en dous apartados:

### **Gastos:**

- Xuíces.
- Persoal de secretaría e megafonía.
- Persoal de campo.
- Voluntarios.
- Servicios médicos
- Posible homologación do circuíto de ruta.
- Viaxes de persoal federativo, se tivesen que desprazarse nos días previos para reforzar aspectos organizativos.





- Photo Finish, sistema de Chips, Medición Indirecta... ou calquera equipo necesario para desenvolver a competición non normalidade.
- Material de desinfección preciso para o control e redución de riscos do COVID 19

A entidade organizativa correspondente deberá abonar a factura á FGA considerando as seguintes opcións:

Pago despois da data do campionato, nos seguintes 30 días, polo 100% do total da factura definitiva.

**Art. 20.-** O organizador proporcionará mediante xestión ou aluguer o seu cargo, vestiario con duchas, a ser posible con auga quente, en todas as competicións, ademais de material de competición do que non dispoña.

**Art. 21.-** Á FGA asumirá o custo das medallas oficiais do Campionato de Galicia Xunta de Galicia (medallas aos tres primeiros de cada proba e categoría). Nas competicións onde existan trofeos (campionatos de clubs) tamén serán abonados pola FGA.

**Art. 22.-** A FGA asumirá os gastos do desprazamento dos membros da Xunta Directiva que designe para facer o seguimento e avaliación da competición.

## LÍMITE DE RESPONSABILIDADE

A FGA non terá obrigas con ningunha Candidatura Oficial ata que o Convenio de Organización sexa asinado por todas as partes.

A entidade que asine o Convenio de Organización coa FGA non poderá delegar en ningún Club ou entidade de calquera tipo a organización, sendo a única responsable ante esta FGA da mesma, inda que poderá solicitar a colaboración ou axuda dos clubs ou entidades onde se celebre a competición.

A FGA, a través do seu Comité Galego de Xuíces, á a responsable da designación do Xurado que controlará o campionato.

## CONFIDENCIALIDADE

1. Toda a información revelada por un solicitante e/ou Candidatura Oficial será mantida en confidencialidade.
2. O destinatario de dita información confidencial só poderá revelala aos seus empregados, oficiais, representantes ou asesores que precisen coñecela co propósito de avaliar a candidatura ou ben no suposto de que sexa requirida pola lei, un tribunal de xurisdición competente ou calquera autoridade gubernamental ou reguladora.
3. Os Solicitantes e os Candidatos Oficiais recoñecen que a información confidencial revelada á FGA pode ser compartida cos empregados e membros da Xunta Directiva.
4. Toda a información e documentación que se proporcionan como parte do proceso, só poderá ser utilizada polo Solicitante ou Candidato Oficial para a preparación da documentación da súa candidatura.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

### **CONVENIO DE ORGANIZACIÓN**

Unha vez designadas as sedes dos diferentes campionatos de Galicia, asinarase un convenio entre a FGA e o organizador. No mesmo estableceranse os detalles e delimitacións de responsabilidades de cada parte. O convenio debe ser asinado non máis tarde de dous meses antes da data do campionato. Sen este trámite de firma, a competición non se considera oficialmente concedida.

O Acordo ou Convenio de Organización de Campionatos de Galicia proporcionarase a todos os Candidatos Oficiais e nel establécense as relacións, roles e responsabilidades das partes involucradas. O Acordo de Organización será a nivel xurídico vinculante.

### **CONTACTO**

Para calquera pregunta ou aclaración poderá dirixirse ao seguinte correo electrónico do Secretario Xeral da FGA: **secretaria@atletismo.gal**

A Coruña, 22 de marzo de 2021

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**



# MODELO I: SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS DE GALICIA DE PISTA CUBERTA

INSTITUCIÓN ORGANIZADORA: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_ C. P.: \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TELF FIXO: \_\_\_\_\_ TELF MÓBIL: \_\_\_\_\_

EMAIL: \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_ WEB \_\_\_\_\_

## CONTACTO (A efectos de notificación)

PERSONA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_ DOMICILIO: \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_

**SOLICITA** á Xunta Directiva da FGA que se lle conceda a organización do seguinte  
Campionato de Galicia da tempada 2021 (Marque cunha X o mesmo):

- Campionato de Galicia Absoluto e Sub23 de Pista Cuberta
- Campionato de Galicia Sub20 e Sub18 de Pista Cuberta
- Campionato de Galicia Sub16 de Pista Cuberta
- Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub14 de Pista Cuberta
- Campionato de Galicia Máster de Pista Cuberta
- Copa de Clubs Absoluta de Pista Cuberta
- Copa de Clubs Máster de Pista Cuberta
- Campionato de Galicia de Clubs de P.Comb. e Máster Individual P.Comb. Pista Cuberta
- Campionato de Galicia de P.Combinadas (Sub16 ata Absoluto) de Pista Cuberta

A celebrar o día \_\_\_\_\_ do mes de \_\_\_\_\_ do ano 202 \_\_\_\_\_

Número de campionatos de Galicia que organizou ata este ano:

**COMPROMETÉNDOSE** a cumprir todas as condicións e requisitos indicados na  
circular 35/2021 e aportando a seguinte oferta complementaria (esta oferta terase  
en conta á hora de avaliar as solicitudes:

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

Aprobada

Rexeitada

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202 \_\_\_\_\_



## MODELO II: SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS DE GALICIA DE PISTA AO AIRE LIBRE

INSTITUCIÓN ORGANIZADORA: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_ C. P.: \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TELF FIXO: \_\_\_\_\_ TELF MÓBIL: \_\_\_\_\_

EMAIL: \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_ WEB \_\_\_\_\_

### CONTACTO (A efectos de notificación)

PERSOA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_ DOMICILIO: \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_

**SOLICITA** á Xunta Directiva da FGA que se lle conceda a organización do seguinte  
Campionato de Galicia da tempada 2021 (Marque cunha X o mesmo):

<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia Absoluto	<input type="checkbox"/>	C.G Lanzamen. Largos Inverno Absoluto e Sub20
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia Sub23 e Sub20	<input type="checkbox"/>	C.G.Lanzamen. Largos Inverno Sub18 e Sub16
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia Sub18 e Sub16	<input type="checkbox"/>	C.G. P. Combinadas de Clubs Sub14 e superiores
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia Sub10, Sub12 e Sub14	<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia Absoluto de Clubs
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia Máster Individual	<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia de Clubs Sub20 y Sub16
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia de P. Comb. de Sub14 e superiores	<input type="checkbox"/>	C. Galicia de Clubs Sub10, Sub12 y Sub14
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia de 10.000 metros "A. Gómez"	<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia de Clubs Máster
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia de Marcha de Invierno de Pista	<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	Campionato de Galicia de P. Combinadas Máster	<input type="checkbox"/>	

A celebrar o día \_\_\_\_\_ do mes de \_\_\_\_\_ do ano 202 \_\_\_\_\_  
Número de campionatos de Galicia que organizou ata este ano:

**COMPROMETÉNDOSE** a cumprir todas as condicións e requisitos indicados na  
circular 35/2021 e aportando a seguinte oferta complementaria (esta oferta terase  
en conta á hora de avaliar as solicitudes:

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

Aprobada

Rexeitada

En \_\_\_\_\_ , a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202 \_\_\_\_\_



## MODELO III: SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS DE GALICIA DE RUTA

INSTITUCIÓN ORGANIZADORA: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_ C. P.: \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TELF FIXO: \_\_\_\_\_ TELF MÓBIL: \_\_\_\_\_

EMAIL: \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_ WEB \_\_\_\_\_

### CONTACTO (A efectos de notificación)

PERSONA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_ DOMICILIO: \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_

**SOLICITA** á Xunta Directiva da FGA que se lle conceda a organización do seguinte  
Campionato de Galicia da tempada 2021 (Marque cunha X o mesmo):

A celebrar o día \_\_\_\_\_ do mes de \_\_\_\_\_ do ano 202 \_\_\_\_\_  
Número de campionatos de Galicia que organizou ata este ano:

- Campionato de Galicia de Maratón
- Campionato de Galicia de Medio Maratón
- Campionato de Galicia de 10 K
- Campionato de Galicia de 5K
- Campionato de Galicia de Milla e de 1K Menores
- Campionato de Galicia de Marcha en ruta
- Campionatos provinciais

**COMPROMETÉNDOSE** a cumprir todas as condicións e requisitos indicados na  
circular 35/2021 e aportando a seguinte oferta complementaria (esta oferta terásese  
en conta á hora de avaliar as solicitudes:

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

Aprobada   
Rexeitada

En \_\_\_\_\_ , a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202 \_\_\_\_\_





## MODELO IV: SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS DE GALICIA DE CROSS, MONTAÑA E TRAIL

INSTITUCIÓN ORGANIZADORA: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_ C. P.: \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TELF FIXO: \_\_\_\_\_ TELF MÓBIL: \_\_\_\_\_

EMAIL: \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_ WEB \_\_\_\_\_

### CONTACTO (A efectos de notificación)

PERSOA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_ DOMICILIO: \_\_\_\_\_

C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_

**SOLICITA** á Xunta Directiva da FGA que se lle conceda a organización do seguinte  
Campionato de Galicia da tempada 2021 (Marque cunha X o mesmo):

- Campionato de Galicia Absoluto de Campo a Través
- Campionato de Galicia Sub16 e Sub18 de C. a Través e de Relevos Mixto. Memorial A.Lorenzo
- Campionato de Galicia Máster de Campo a Través
- Campionato de Galicia de Montaña
- Campionato de Galicia de Trail

A celebrar o día \_\_\_\_\_ do mes de \_\_\_\_\_ do ano 202 \_\_\_\_\_

Número de campionatos de Galicia que organizou ata este ano:

**COMPROMETÉNDOSE** a cumprir todas as condicións e requisitos indicados na  
circular 35/2021 e aportando a seguinte oferta complementaria (esta oferta terásese  
en conta á hora de avaliar as solicitudes:

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

Aprobada

Rexeitada

En \_\_\_\_\_ , a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202 \_\_\_\_\_